Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia

Última versión

A Constitución española no seu artigo 39 obriga os poderes públicos a asegurar a protección social económica e xurídica da familia. Establece, ademais, que os menores gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.

A Convención sobre os dereitos do neno adoptada pola Asemblea das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada polo Estado español o 26 de xaneiro de 1990, no artigo 9, establece, con respecto ás nenas separadas e aos nenos separados dunha ou de ambas as dúas persoas proxenitoras, o dereito a manter relacións persoais e contacto directo coa nai e co pai de modo regular, agás se é contrario ao interese superior das e dos menores. Tamén a Recomendación do Consello de Europa nº R (98) I sinala que se asegurará a protección dos intereses das nenas e nenos e do seu benestar, especialmente nos problemas de custodia e dereito de visitas.

Pola súa parte, o Código civil e a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, fan referencia ao dereito de visitas por parte das persoas proxenitoras e familia extensa e á primacía do interese superior das e dos menores sobre calquera outro interese lexítimo que puider concorrer (artigos 94, 2 e 11.2.a, respectivamente).

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia e da infancia no título competencial xenérico de asistencia social (artigo 27.23).

Con base na referida atribución competencial aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que estrutura e regula, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do Sistema galego de benestar. A dita lei inclúe, no seu artigo 3. i), entre os seus obxectivos, o de garantirlles o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas, e define, no seu artigo 14, os servizos sociais especializados como aqueles referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada que demandan unha maior especialización técnica, unha especial intensidade na intervención ou unha base territorial de intervención de carácter supramunicipal.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito da protección á familia, á infancia e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas. Tamén dispón que as normas e os requisitos a que se terán que axustar os puntos de encontro familiar se establecerán regulamentariamente.

A aplicación da Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento que se debe seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio, e a Lei 15/2005, do 8 de xullo, pola que se modifican o Código civil e a Lei de axuizamento civil en materia de separación e divorcio, veñen poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire á salvagarda do interese superior das e dos menores a manter relacións coas persoas proxenitoras non custodias e a súa familia, á marxe da ruptura parental.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia, xa desde o ano 2001, afrontase o financiamento dunha rede de puntos de encontro situados nas sete principais cidades galegas, para garantir a existencia dun lugar adecuado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito. Este servizo converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade e vén incrementando a súa demanda de xeito exponencial.

Neste sentido, a Administración autonómica considerou necesario regular os puntos de encontro familiar como recurso neutral que ten por finalidade facilitar o cumprimento do réxime de visitas e favorecer o dereito das e dos menores a relacionarse con ambas as dúas persoas proxenitoras e coas súas familias, o que tivo lugar polo Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro.

Paralelamente á tramitación deste regulamento, a Comisión Interautonómica de Directores e Directoras Xerais de Infancia e Familias aprobou o 13 de novembro de 2008 un documento marco de mínimos para asegurar a calidade dos puntos de encontro familiar.

O tempo de aplicación do decreto, aínda que breve, pon de manifesto a necesidade de realizar cambios na regulación dos puntos de encontro familiar, fundamentalmente derivados da necesidade de adaptala ao dito documento de mínimos. Estes cambios xustifican, en virtude do principio de seguridade xurídica, o ditado dun novo decreto de regulación dos puntos de encontro familiar.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Así mesmo, en canto ao réxime xeral dos puntos de encontro familiar e en particular ao capítulo V, mantense o réxime anterior, respectuoso co previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e o establecido no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

O decreto estrutúrase en cinco capítulos, unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras. O capítulo I, baixo a rúbrica «disposicións xerais » determina o obxecto e o ámbito de aplicación do decreto, define os puntos de encontro familiar, establece os seus obxectivos e os principios de actuación. O capítulo II recolle os dereitos e deberes das persoas usuarias dos puntos de encontro familiar. O capítulo III regula o procedemento de acceso e as formas de intervención. Os requisitos materiais e funcionais dos puntos de encontro familiar establécense no capítulo IV e o capítulo V ocúpase das autorizacións, da inspección e do réxime sancionador.

En virtude de todo o anterior, e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de xullo de dous mil catorce,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente decreto ten por obxecto regular os puntos de encontro familiar que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

Artigo 2. Definición

Para os efectos deste decreto enténdese por punto de encontro familiar (PEF) o servizo que facilita, preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A intervención dos puntos de encontro familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

Artigo 3. Titularidade

Os puntos de encontro familiar poderán ser de titularidade das administracións públicas, que xestionarán estes servizos directamente ou a través da xestión indirecta.

Tamén poderán ser titulares dun punto de encontro familiar entidades privadas debidamente inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de conformidade co disposto na normativa de servizos sociais de Galicia.

Artigo 4. Obxectivos

No desenvolvemento das súas funcións os puntos de encontro familiar teñen os seguintes obxectivos:

a) Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación con ambas as dúas persoas proxenitoras despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.

b) Facilitar o encontro das fillas e fillos coa persoa proxenitora non custodia e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

c) Acadar a normalización das relacións familiares de xeito que o recurso chegue a resultar innecesario para a familia.

d) Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

e) Favorecer e potenciar nas fillas e fillos unha boa relación coas súas persoas proxenitoras, co contorno da persoa proxenitora non custodia e coa súa familia extensa.

f) Potenciar que as fillas e fillos expresen con liberdade e sen medo os seus sentimentos e necesidades fronte a ambas as dúas persoas proxenitoras.

g) Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno-filiais e as habilidades parentais de crianza.

h) Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

i) Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se for necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.

Artigo 5. Principios de actuación

Nas súas intervencións os puntos de encontro familiar actuarán conforme os seguintes principios:

a) Interese das e dos menores. Ante calquera situación na que se dean intereses encontrados ou opostos, sempre será prioritaria a seguridade e o benestar das e dos menores.

b) Voluntariedade. As actuacións dos puntos de encontro familiar só se poderán levar a cabo co consentimento das persoas usuarias, agás cando se trate do estrito cumprimento dunha resolución xudicial.

c) Imparcialidade. Respectaranse e teranse en consideración todos os membros da familia obxecto de intervención, especialmente as fillas e os fillos, evitando posicionamentos a favor de calquera membro da familia en prexuízo ou detrimento doutros.

d) Neutralidade. O equipo técnico do punto de encontro familiar non deixará influír nas súas intervencións os seus propios valores ou circunstancias persoais e actuará unicamente co fin de protexer o interese superior das e dos menores.

e) Confidencialidade. En cumprimento da lexislación vixente, nas intervencións que se realicen nos puntos de encontro familiar respectarase a necesaria confidencialidade dos datos e informacións ás cales se poida ter acceso, e manterase, así mesmo, a confidencialidade do expediente, agás naqueles casos dos cales se deduza a existencia de condutas delituosas ou que poidan supoñer un risco para a seguridade das e dos menores e das mulleres que sofren violencia de xénero, e respecto da información requirida polos xulgados ou polo Ministerio Fiscal.

f) Non interferencia. Os puntos de encontro familiar nas súas actuacións respectarán as intervencións efectuadas por outros dispositivos de benestar social e polos órganos xudiciais.

g) Subsidiariedade e temporalidade. Utilizarase este recurso só cando sexa o único medio para facilitar as relacións entre as e os menores e a súa familia e orientarase sempre cara á normalización das relacións.

CAPÍTULO II Dereitos e deberes das persoas usuarias

Artigo 6. Persoas usuarias

Poderán ser persoas usuarias dos puntos de encontro familiar os membros das familias en que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas, así

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

como os integrantes de familias nas que existan situacións de violencia que supoñan un risco para calquera das/os súas/seus membros durante o cumprimento do réxime de visitas.

Serán persoas usuarias dos puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma de Galicia as persoas que teñan un dereito de visita dunha ou dun menor con domicilio en Galicia, ou ben un dereito de visita que se deba desenvolver en Galicia.

Artigo 7. Dereitos das persoas usuarias

Sen prexuízo do establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, respecto dos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais, as usuarias e os usuarios dos puntos de encontro familiar gozarán dos seguintes dereitos:

a) Á protección da súa intimidade persoal e da súa propia imaxe, ao segredo profesional do seu historial e á protección dos seus datos persoais.

b) A ser informadas sobre o seu expediente persoal.

c) A ser informadas das normas de funcionamento do punto de encontro familiar e a dispoñer delas en calquera momento.

d) A presentar queixas, reclamacións e suxestións.

e) A acceder, permanecer e cesar na utilización do servizo por vontade propia, agás resolución xudicial.

f) Ao acceso integral, por parte das mulleres con discapacidade que sufran unha situación de violencia de xénero, á información sobre os seus dereitos e sobre os recursos existentes, nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo.

Artigo 8. Deberes das persoas usuarias

Sen prexuízo do previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, respecto dos deberes das persoas usuarias dos servizos sociais, as usuarias e usuarios dos puntos de encontro familiar teñen os seguintes deberes:

a) Respectar as normas establecidas no Regulamento de réxime interno do punto de encontro familiar e asinar a súa aceptación antes do inicio das actuacións.

b) Cumprir os horarios establecidos na resolución do órgano derivante.

c) Observar unha conduta baseada no mutuo respecto e encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

d) Facilitar o exercicio do labor do equipo técnico do centro e achegar todo o necesario para o desenvolvemento das visitas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

e) Non presentar comportamentos violentos físicos nin verbais.

f) Non consumir ningunha substancia que poida alterar as súas facultades antes ou durante o desenvolvemento das visitas nin introducir ningún obxecto que supoña risco para a integridade doutras persoas.

g) Responsabilizarse da atención e coidado das e dos menores no transcurso da visita co apoio do equipo técnico do punto de encontro familiar.

h) Utilizar as instalacións só para o servizo que se presta e facer un bo uso delas.

i) Respectar a privacidade das demais persoas usuarias do punto de encontro familiar.

Artigo 9. Protección de datos persoais

O tratamento dos datos de carácter persoal das persoas usuarias dos puntos de encontro familiar respectará o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO III Marco de actuación dos puntos de encontro familiar financiados con fondos públicos

Artigo 10. Tipos de intervención

1. Os puntos de encontro familiar teñen como obxectivo principal favorecer o dereito das e dos menores a manter a relación con ambas as dúas persoas proxenitoras ou familiares e orientar e apoiar a familia para que consiga a autonomía necesaria no exercicio das súas funcións sen depender do servizo.

O equipo técnico dos puntos de encontro familiar poderá desenvolver as intervencións que considere máis adecuadas e planificaraas sempre dentro das atribucións que lle son propias e no marco do establecido na resolución do órgano competente en materia de familia da consellería con competencias en materia de familia e menores.

2. Os tipos de intervención que se realizan nos puntos de encontro familiar, respecto da execución do réxime de visitas son:

a) Entregas e recollidas das e dos menores: consisten na intervención das e dos profesionais nos momentos en que os familiares acoden ao servizo para entregar ou recoller a ou o menor no desenvolvemento do réxime de visitas. Nestes casos, o punto de encontro familiar actúa como intermediario e supervisor desas entregas e recollidas.

b) Visitas tuteladas: son aquelas que se desenvolven de forma controlada baixo a supervisión e presenza continuada dunha ou dun profesional do equipo técnico do servizo por un tempo máximo de dúas horas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

c) Visitas supervisadas: son aquelas que se desenvolven no punto de encontro familiar, por un tempo máximo de dúas horas, sen a presenza continuada do equipo técnico, especialmente en casos nos que a persoa proxenitora que ten o dereito de visita careza de vivenda na localidade.

3. Ademais do cumprimento do réxime de visitas establecido, nos puntos de encontro familiar levaranse a cabo outras intervencións, actuacións ou accións complementarias:

a) Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as e os menores, que teña como obxecto final acadar a normalización das relacións familiares.

b) Orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e ás e aos menores, propiciando o desenvolvemento de relacións materno/paterno-filiais axeitadas e a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.

c) Intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras. O equipo técnico poderá, se o considera axeitado e conta coa vontade das partes, intervir aplicando técnicas mediadoras para conseguir acordos que permitan adecuar o réxime de visitas establecido pola autoridade á realidade familiar, así como para favorecer o exercicio da coparentalidade.

d) Intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e as súas fillas e fillos para que as relacións entre eles se cheguen a realizar de forma normalizada e coas maiores garantías posibles.

e) Rexistro e documentación das actividades realizadas.

Artigo 11. Procedemento de acceso e derivación

O acceso aos puntos de encontro familiar deberase realizar por resolución do órgano derivante, que será o órgano de dirección competente en materia de familia da consellería con competencia en materia de familia e menores.

As solicitudes ordenaranse de forma independente, en función do órgano solicitante e do tipo de intervención que se deba realizar.

Serán órganos solicitantes:

a) A xefatura territorial da consellería con competencia en materia de familia e menores en relación as e os menores sobre os cales a Xunta de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.

b) Os órganos xudiciais competentes.

As visitas deberán organizarse tendo en conta a superficie, a capacidade dos espazos e os horarios de cada punto de encontro.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

2. O órgano administrativo ou xudicial que solicite a intervención do punto de encontro familiar deberalle achegar por escrito ao órgano competente en materia de familia da consellería con competencias en materia de familia e menores, como mínimo, a seguinte información:

a) Os datos identificativos das persoas proxenitoras, familiares e das e dos menores, así como os necesarios para a súa localización, incluído en todo caso un número de teléfono.

b) Indicación das dificultades para o cumprimento do réxime de visitas que motivan a solicitude da intervención do punto de encontro familiar, así como daquelas circunstancias especiais que poidan incidir na relación das persoas proxenitoras coas fillas ou fillos.

c) As e os familiares que poden acudir a estas visitas con cada persoa proxenitora, de ser o caso.

d) Concreción do tipo de intervención solicitada ao punto de encontro familiar: entrega e recollida, visita tutelada ou visita supervisada.

e) A proposta de periodicidade e o horario das visitas, considerando os períodos e horarios de apertura dos puntos de encontro familiar e o previsto no artigo 10.3 deste decreto.

f) A periodicidade con que o punto de encontro familiar lle debe remitir informes sobre o cumprimento e o desenvolvemento das visitas.

g) O testemuño ou a copia íntegra da resolución ditada polo órgano solicitante onde se fixen as visitas e se acorde a intervención do punto de encontro familiar, así como de novas resolucións que modifiquen ou afecten o réxime de visitas inicialmente establecido.

h) A posibilidade de realizar adaptacións e axustes entre as partes relativos ao cumprimento do réxime de visitas.

3. A derivación ao punto de encontro familiar farase por estrita orde cronolóxica da data de resolución do órgano derivante.

O órgano derivante comunicaralle ao punto de encontro familiar a resolución pola que se acorda a intervención. Cando o punto de encontro familiar reciba a dita resolución, deberase poñer en contacto coas persoas beneficiarias para comezar a intervención.

De non ser posible a intervención inmediata do punto de encontro familiar, a petición incluirase na correspondente listaxe de agarda, que se xestionará igualmente por estrita orde cronolóxica, e comunicaráselle ao órgano solicitante. Neste caso, reservaranse o 20 % de cada un dos tipos de intervención previstos no artigo 10 deste decreto para as solicitudes das xefaturas territoriais da consellería con competencia en materia de familia e menores.

Artigo 12. Fase de intervención

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A fase de intervención comezará coa entrevista inicial en que as e os profesionais do punto de encontro informarán as persoas usuarias do funcionamento do servizo, do regulamento de réxime interno e do desenvolvemento das visitas no marco do establecido na resolución da entidade derivante. O equipo técnico do punto de encontro familiar incidirá nos obxectivos que se perseguen coa intervención, especialmente na temporalidade do recurso como paso intermedio ata que as persoas usuarias acaden a autonomía necesaria para o exercicio das súas funcións parentais sen depender do servizo.

Artigo 13. Suspensión da intervención

1. O equipo técnico do punto de encontro poderá propoñer ao órgano derivante a suspensión da intervención cando se dea algunha das seguintes causas:

a) O restablecemento das relacións e ausencia de conflito entre as persoas proxenitoras que adquirisen as habilidades suficientes para realizar os encontros por si mesmas.

b) Nos supostos en que por un curto período de tempo sexa imposible realizar as visitas por causas xustificadas.

c) Porque a actitude inmodificable dunha das persoas proxenitoras ou de ambas as dúas o aconselle, ao non observarse ningunha evolución positiva no seu comportamento nin a interiorización das orientacións do equipo técnico.

O órgano derivante ditará resolución no prazo máximo de 10 días e comunicaráselle ao órgano solicitante, ao punto de encontro e ás partes interesadas.

2. O equipo técnico do punto de encontro poderá suspender cautelarmente a intervención. Dará conta inmediata ao órgano derivante e achegará o correspondente informe da situación para que este ratifique ou levante a suspensión, cando se dea algunha das seguintes causas:

a) O incumprimento polas partes de calquera dos deberes establecidos no artigo 8 deste decreto.

b) O incumprimento das normas de funcionamento reguladas no artigo 19 deste decreto por parte dalgunha das persoas proxenitoras, familiares ou persoas achegadas.

c) En situacións de risco para a ou o menor, a súa familia, persoas usuarias e persoal do punto de encontro familiar.

d) Por entender que a situación emocional da ou do menor o require.

e) Cando no inicio da visita ou da entrega e recollida das e dos menores o equipo técnico do punto de encontro familiar observe calquera anomalía que supoña un risco para o desenvolvemento normal da visita.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O órgano derivante resolverá sobre a ratificación ou non da suspensión no prazo máximo de oito días. A decisión notificarase ao punto de encontro e, de ratificar a suspensión, notificarase tamén ao órgano solicitante e ás partes interesadas.

Artigo 14. Finalización da intervención

A intervención do punto de encontro familiar finalizará sempre por resolución do órgano derivante. A decisión poderase adoptar por proposta do órgano solicitante, por proposta motivada do punto de encontro familiar ou polo acordo das persoas titulares da custodia e do dereito de visita debidamente fundamentado e subscrito. O órgano derivante resolverá no prazo máximo de 10 días. A decisión notificárase ao órgano solicitante, ao punto de encontro e ás partes interesadas.

A proposta de finalización da intervención do punto de encontro familiar fundamentarase nunha ou en varias das seguintes causas:

a) A reconciliación e o reinicio da vida en común por parte dos proxenitores.

b) O alcance da maioría de idade por parte da ou do menor.

c) A normalización das relacións e a ausencia de conflito entre as persoas proxenitoras por adquiriren as habilidades suficientes para realizar os encontros por si mesmos.

d) Por petición debidamente fundamentada de ambas as dúas persoas proxenitoras.

e) A non utilización por ambas as dúas partes do punto de encontro familiar sen xustificación da dita circunstancia durante tres intervencións consecutivas ou catro alternas.

f) Por non existir unha evolución da situación nin vontade das partes por superar as diferenzas que motivaron a súa derivación ao punto de encontro familiar.

g) Pola reiteración das causas de suspensión previstas na alínea c) do punto 1 e nas alíneas a), b), c), d) do punto 2 do artigo 13 deste decreto.

h) Transcorridos dous anos desde o inicio da intervención, agás os casos que deriven de violencia de xénero e aqueles en que as e os profesionais do punto de encontro familiar xustifiquen ao órgano derivante a conveniencia da súa continuación por períodos de tempo que non excedan os tres meses.

Artigo 15. Supervisión técnica e apoio familiar

Os gabinetes de orientación familiar (GOF) das xefaturas territoriais da consellería con competencia en materia de familia e menores, xunto co equipo técnico do punto de encontro, organizarán e realizarán sesións de supervisión das intervencións que se desenvolvan, co fin de facer o seguimento das familias e valorar a necesidade de modificar actuacións.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Os gabinetes de orientación familiar, de acordo coas sesións de supervisión, poderán realizar programas específicos de apoio á familia en conxunto ou a calquera dos membros, encamiñados a acadar a normalización das relacións e a adquisición das habilidades parentais necesarias para tal fin.

CAPÍTULO IV Requisitos materiais e de funcionamento

Artigo 16. Requisitos

1. Requisitos xerais.

Os puntos de encontro familiar deberán cumprir os requisitos xerais establecidos no artigo 7 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección de servizos sociais de Galicia, así como os requisitos específicos que se sinalan no punto seguinte.

2. Requisitos específicos.

2.1. Requisitos materiais:

a) Terán un mínimo de tres espazos para realizar as entregas e recollidas das e dos menores e as visitas, e poderase empregar un deles como sala de usos múltiples.

b) Disporán, como mínimo, dun despacho para realizar as entrevistas e as tarefas administrativas equipado cos recursos materiais necesarios, que deberá dispoñer en todo caso de conexión a internet.

c) O centro contará cunha zona específica de preparación de alimentos co seguinte equipamento mínimo: frigorífico, fregadeiro e forno microondas.

d) Terán un baño completo e un aseo dotados de auga fría e quente con billas hidrometuradas. Un deles disporá dun cambiador e un colector de material de refugallo provisto de peche hermético.

e) Existirá unha zona de seguridade sen saíntes, enchufes, espellos de cristal, ou calquera outro elemento que supoña un risco potencial para a seguridade das e dos menores desde o chan ata 1,50 metros de altura. Todos aqueles elementos que poidan supor un risco para as e os menores deberán estar debidamente protexidos.

f) Os xoguetes serán atraumáticos, atóxicos, lavables, non sexistas e adecuados ás idades das e dos menores.

g) As portas de paso disporán da protección necesaria para evitar pillar os dedos.

h) Os aparellos de iluminación deberán incorporar difusores ou elementos que eviten o cegamento e a rotura e posterior caída das lámpadas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

i) Os vidros serán de seguridade.

j) En todas as dependencias deben instalarse detectores de fumes.

k) Disporán dun teléfono fixo.

l) Disporán dunha caixa de primeiros auxilios con dotación básica.

2.2. Requisitos funcionais.

a) Terán unhas normas de funcionamento debidamente visadas á disposición das persoas usuarias que recollerán como mínimo: a actividade que se desenvolve, as normas de uso, os dereitos e deberes das persoas usuarias, a organización de persoal, os horarios de funcionamento e, de ser o caso, os prezos públicos ou tarifas aplicables.

b) Disporán dun sistema de rexistro de entrada e saída das persoas usuarias que será asinado polas persoas proxenitoras, titoras/es ou gardadoras/es e persoas adultas con dereito de visita no momento de entrada e saída das e dos menores.

2.3. Requisitos de persoal.

O equipo dos puntos de encontro familiar será multidisciplinar e estará composto, polo menos, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes de entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagoxía, psicopedagoxía, dereito, traballo social ou educación social. Deberán ter experiencia e/ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación das e dos menores e das familias.

Unha das persoas do equipo técnico desempeñará a función de coordinadora do traballo do equipo e das relacións coa Administración e cos xulgados. Esta persoa deberá ter experiencia acreditada na súa especialidade para poder exercer como tal. Nos puntos de encontro familiar de titularidade pública e xestión directa a dotación deste posto realizarase de acordo coa normativa reguladora da función pública.

Artigo 17. Voluntariado e persoas en prácticas

Logo de autorización do órgano competente en materia de autorización e inspección da consellería con competencia en materia de familia e menores, o punto de encontro familiar poderá contar con persoas voluntarias ou en prácticas para desenvolver tarefas complementarias de apoio ao equipo técnico e sempre baixo a supervisión deste.

As persoas voluntarias deben ter, polo menos, a titulación académica necesaria para intervir nos puntos de encontro familiar.

A participación e o réxime xurídico do voluntariado virán determinados pola lexislación que lles sexa aplicable.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 18. Calendario e horario de apertura

Os puntos de encontro familiar funcionarán os doce meses do ano durante un mínimo de catro días á semana e, cando menos, oito horas diarias en xornada partida ou continuada. Deberán abrir ao público os venres, sábados e domingos. En todo caso permanecerán pechados os días 25 de decembro e 1 de xaneiro.

Os puntos de encontro familiar poderán pechar 15 días durante o mes de agosto logo de reorganizar das intervencións previstas para ese período. No caso dos puntos de encontro sostidos con fondos públicos, será necesaria a autorización previa do órgano de dirección competente en materia de familia e menores da consellería con competencia en materia de familia e menores.

Respectando estes mínimos, cada punto de encontro familiar poderá determinar o seu calendario e horario en función da demanda existente.

Artigo 19. Normas comúns de funcionamento

Os puntos de encontro familiar observarán as seguintes normas comúns, que recollerán no seu regulamento de réxime interno:

a) As persoas usuarias deberán cumprir puntualmente as datas e os horarios acordados para as visitas ou para a entrega e recollida das e dos menores. A duración e a periodicidade estableceraa o órgano que realice a derivación, tendo en conta a dispoñibilidade do centro.

b) O tempo de espera para anular unha visita é de 20 minutos. Se pasado este tempo non acode unha das persoas proxenitoras ou familiares e tampouco avisa con anterioridade do seu posible atraso, suspenderase a visita, considerarase incumprida e deixarase constancia de tal incidencia no expediente.

c) As persoas usuarias deberán poñer en coñecemento do punto de encontro, o antes posible e coa correspondente xustificación e/ou acreditación, calquera alteración ou incidencia que modifique a cita prevista.

d) Para levar a cabo as entregas e recollidas das e dos menores, só poderán substituír a persoa proxenitora correspondente as persoas que teñan a súa autorización.

e) A substitución dunha das persoas proxenitoras no dereito de visita requirirá o consentimento por escrito de ambas as dúas partes.

f) Poderán acompañar as persoas que teñen o dereito de visita outras persoas -segundo o criterio do equipo técnico do punto de encontro familiar-, en función da distribución espacio-temporal do centro.

g) No momento en que a ou o menor se reúna coa persoa ou persoas que o visiten, a persoa proxenitora custodia ou a persoa autorizada que a ou o acompañou, debe abandonar o centro. Volveraa ou volverao recoller á hora acordada como remate da visita. As e os

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

menores permanecerán no punto de encontro familiar en compañía da persoa proxenitora ou dos familiares, que serán os responsables do seu coidado e atención.

h) Para os efectos de garantir o cumprimento das medidas de afastamento, o persoal do punto de encontro familiar terá o deber de custodiar a ou o menor no tempo que medie entre a súa chegada ao centro e o encontro coa ou coas persoas visitantes.

i) Nos casos en que exista unha orde de afastamento por violencia de xénero, o equipo técnico deberá garantir que as partes non coincidan no local do punto de encontro. Para tal fin adaptaranse as normas de funcionamento, incluso os horarios de entrega e recollida.

j) A ou o menor entregaráselle á persoa proxenitora ou familiar a quen lle corresponda a visita. Se segundo a valoración do persoal do punto de encontro familiar, as condicións físicas ou psíquicas desta non son as adecuadas, o encontro non se permitirá e remitiráselle inmediatamente un informe ao órgano derivante, de acordo co sinalado no artigo 8 e no punto 2 do artigo 13.

k) O equipo técnico do punto de encontro familiar dispón da facultade de intervir en calquera momento da visita, así como de suspendela se así o exixe o benestar das ou dos menores ou o respecto polo bo funcionamento do centro e remitiráselle inmediatamente un informe ao órgano derivante, de acordo co sinalado no punto 2 do artigo 13.

l) O equipo técnico velará pola seguridade tanto das instalacións como das persoas usuarias do punto de encontro familiar. De se producir incidentes significativos de alteración da convivencia procurará restablecer a normalidade a través do diálogo e, no caso de risco para a integridade das persoas, daralle aviso ás forzas e corpos de seguridade e poderá suspender a intervención segundo o sinalado no punto 2 do artigo 13.

m) O equipo técnico do punto de encontro familiar daralle conta das alteracións significativas que poidan afectar o desenvolvemento das visitas ao órgano derivante e máis á autoridade que solicitou a intervención no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes de que transcorran 72 horas desde que se produzan os feitos.

Artigo 20. Elaboración de informes

Nos puntos de encontro familiar sostidos con fondos públicos, o órgano solicitante e o derivante poderán solicitar do equipo técnico os informes que consideren necesarios coa periodicidade que consideren pertinente.

Emitiranse informes cando se produzan incidencias ou incumprimentos que a xuízo das e dos profesionais deban ser postos en coñecemento do órgano derivante e mais do órgano que solicitou a intervención. Especialmente poderanse emitir informes urxentes cando se aprecien factores que poidan poñer en risco a integridade física ou emocional da ou do menor.

Os informes que elaboren as e os profesionais dos puntos de encontro familiar son confidenciais e non poden ser divulgados nin entregados ás persoas proxenitoras, familiares

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

ou representantes legais; sen prexuízo da obriga de remitilos cando sexan requiridos polo órgano derivante, polo órgano solicitante, polo Ministerio Fiscal ou polo órgano competente en materia de autorización e inspección da consellería con competencia en materia de familia e menores.

Os informes serán redactados con obxectividade e imparcialidade.

CAPÍTULO V Autorizacións, inspección e réxime sancionador

Artigo 21. Autorizacións

Os puntos de encontro familiar e os servizos que neles se desenvolven estarán sometidos ás autorizacións administrativas establecidas na normativa reguladora do réxime de autorización e acreditación de servizos, centros e programas de servizos sociais.

Artigo 22. Inspección e réxime sancionador

Os puntos de encontro familiar, como centros de servizos sociais, estarán suxeitos á inspección e ao réxime sancionador en materia de servizos sociais, de conformidade co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Como centros sociais de atención especializada rexeranse polo establecido, en canto a infraccións e sancións, no título III da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Disposición adicional única. Réxime de finalización de expedientes

O órgano de dirección competente en materia de familia e menores disporá dun prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste decreto para a finalización dos expedientes abertos ao abeiro do Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, sen prexuízo das excepcións previstas no artigo 14.f).

Disposición transitoria única. Réxime xurídico de aplicación

1. As intervencións iniciadas con anterioridade á entrada en vigor deste decreto continuarán realizándose ao abeiro do Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, da mesma forma e coa mesma duración que se estaban a desenvolver.

2. Os expedientes de suspensión ou finalización da intervención iniciados en aplicación do Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, sobre os cales non tivese recaído resolución na data de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

entrada en vigor do presente decreto, tramitaranse de conformidade co previsto neste decreto.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Queda derrogado o Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia e todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido no presente decreto.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Facúltase a persoa titular da consellería con competencia en materia de familia e menores para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución da presente norma.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, tres de xullo de dous mil catorce

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.